



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN MUNICIPAL E ELECCIÓN DE ALCALDE, COMO CONSECUENCIA DAS ELECCIÓNS LOCAIS CELEBRADAS O DÍA 28/05/2023, REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 17/06/2023, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

CONCELLEIROS

PARTIDO POPULAR (PP)

INSUA LAGO, Luis Manuel
RODRIGUEZ NEMIÑA, Susana
TRABA FERNANDEZ, José Manuel
SUAREZ SILVA, Jenifer
CANOSA TRILLO, Manuel

ALTERNATIVA DOS VECIÑOS (AV)

DOMINGUEZ SISTO, Aurea
MARTINEZ TRABA, Francisco
LESTON REDONDA, Francisco Antonio

PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA – PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL (PSdeG – PSOE)

MARCOTE SUAREZ, José
DOMINGUEZ LADO, Alexandre

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO - BNG

SAR OLIVEIRA, Xan Carlos

SECRETARIO - ACIDENTAL

CARRIL PEREZ, Juan Carlos

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 13:00 horas, do día 14/06/2023, para cumprir o que dispoñen os artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, e artigos 36 e 37 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, referente á constitución das corporacións locais e a elección do alcalde, reúnen en sesión pública, no salón de sesións da casa do concello, os señores e señoras concelleiros/as electos nas eleccións locais celebradas o día 28/05/2023, que na marxe se expresan, asistidos polo secretario accidental da corporación.

Todos os concelleiros electos cumpriron o deber de presentar a credencial ante a secretaría, tal e como se establece no artigo 7 do Real Decreto 256//1986, do 28 de novembro.

Todos os concelleiros electos cumpriron o deber de formular ante o Rexistro de Intereses a declaración a que fai referencia o artigo 30-2 a) do Real Decreto 256/1986, do 28 de novembro.

ORDE DO DIA

1º) CONSTITUCION DA CORPORACIÓN MUNICIPAL E ELECCIÓN DE ALCALDE

FORMACIÓN DA MESA DE IDADE

O secretario accidental procede a comprobar as credencias presentadas por José Marcote Suárez, concelleiro electo de maior idade e por Jenifer Suárez Silva, concelleira electa de menor idade, con base na certificación recibida da Xunta Electoral de Zona, e formula aos referidos concelleiros a seguinte pregunta do Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, polo que se establece a fórmula de xuramento en cargos e funcións públicas:

¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro do concello de Fisterra, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

- O concelleiro don José Marcote Suárez (PSdeG – PSOE), contesta SI XURO.
- A concelleira doña Jenifer Suárez Silva (PP), contesta SI XURO.

Dáse por constituída a mesa de Idade, cos membros de maior e menor idade da corporación e como secretario o da corporación.

COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS

A mesa de idade procede a comprobar as credencias dos concelleiros electos con base á certificación recibida da Xunta Electoral de Zona.

XURAMENTO OU PROMESA E TOMA DE POSESIÓN DE CONCELLEIROS

Acto seguido procedese ao cumprimento do requisito legal de prestar xuramento ou promesa por cada un dos señores e señoras concelleiros/as electos, segundo dispón o artigo 108.6 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, baixo a fórmula que establece o Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, polo que se establece a fórmula de xuramento en cargos e funcións públicas:

¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro do concello de Fisterra, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución coo norma fundamental do Estado?

Os concelleiros do Partido Popular contestan:

Luís Manuel Insua Lago (PP), SI, XURO.
Susana Rodríguez Nemiña (PP), SI, XURO.
José Manuel Traba Fernández (PP) SI, XURO.
Manuel Canosa Trillo (PP) SI, XURO.

Os concelleiros do partido Alternativa dos Veciños, contestan:

Aurea Domínguez Sisto (AV), SI, XURO.
Francisco Martínez Traba (AV), SI, XURO.
Francisco Antonio Lestón Redonda (AV), SI, PROMETO.

O concelleiro do partido PSdeG – PSOE, contesta:

Alexandre Domínguez Lado (PSdeG - PSOE), SI, PROMETO.

O concelleiro do partido Bloque Nacionalista Galego, contesta:

Xan Carlos Sar Oliveira (BNG), "Prometo por imperativo legal e comprométome a defender os intereses do concello de Fisterra e do pobo galego".

DECLARACIÓN DE CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN

Ao asistir a maioría absoluta dos concelleiros electos, a mesa de idade DECLARA CONSTITUIDA A CORPORACIÓN, tal e como se establece no artigo 195.4 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño e no artigo 37.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

ELECCIÓN E PROCLAMACIÓN DE ALCALDE

Acto seguido, procédese de acordo co que dispón o artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, á proclamación de candidatos para a elección de alcalde, de entre os concelleiros que encabezan as distintas listas que obtiveron representación nas pasadas eleccións locais, resultando presentados e proclamados os seguintes:

APELIDOS E NOME DOS CANDIDATOS	LISTA DA CANDIDATURA NA QUE ESTÁN INTEGRADOS
Luís Manuel Insua Lago	Partido Popular (PP)
Aurea Domínguez Sisto	Alternativa dos Veciños (AV)

Seguidamente, o secretario accidental sinala que en virtude do establecido no artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985, será proclamado alcalde aquel candidato que obteña o apoio da maioría absoluta dos membros de dereito da corporación. Se ningún dos candidatos obtén dita maioría, será proclamado alcalde o concelleiro que encabece a lista que obtivo maior numero de votos populares nas eleccións de maio de 2023. En caso de empate, resolverase por sorteo.

Así as cousas, por unanimidade dos asistentes, acórdase que se proceda á elección de alcalde mediante o sistema de votación ORDINARIA, todo iso en base ao que se establece o artigo 102.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, para elixir ao alcalde entre os candidatos proclamados a dito cargo, obténdose o seguinte resultado:

APELIDOS E NOME DOS CANDIDATOS	NÚMERO DE VOTOS OBTIVOS	
	EN LETRA	EN NÚMERO
Luís Manuel Insua Lago	cinco	5
Aurea Domínguez Sisto	seis	6

Ao obter a candidata AUREA DOMINGUEZ SISTO, a maioría absoluta que prevé o artigo 196-b) da Lei 5/1985, do 19 de xuño, Electoral Xeral, queda proclamada ALCALDESA deste concello.

TOMA DE POSESIÓN DA ALCALDESA

Procédese ao cumprimento do requisito legal de prestar xuramento ou promesa por parte da proclamada alcaldesa, segundo dispón o artigo 108.6 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, baixo a fórmula que establece o Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, polo que se establece a fórmula de xuramento en cargos e funcións públicas:

¿Xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcaldesa do concello de Fisterra, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado?

- Aurea Domínguez Sisto, contesta SI, XURO.

Acto seguido o presidente da mesa de idade faille entrega do bastón de mando á señora alcaldesa, tomando posesión do seu cargo, pasando a ocupar a presidencia.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

De seguido, polo Secretario Accidental da corporación efectúase un arqueo e da conta actualizada dos xustificantes das existencias en metálico en entidades bancarias, así como da documentación relativa ao inventario do patrimonio municipal, de acordo co preceptuado no artigo 36.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e aos efectos do preceptuado polo artigo 86 do Real Decreto 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, e artigo 33.2 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, co seguinte resumo:

EXISTENCIAS	
A) METALICO DO ORZAMENTO	
A BANCA – ES85-2080-0026-9331-1001-0661	1.052.282,92 €
BBVA – ES47-0182-5947-1402-0015-0346	170.766,28 €
BANCO SANTANDER – ES52-0049-6642-1525-1000-3533	91.361,66 €
CAIXA BANK – ES85-2100-4203-4713-0031-5937	6.876,96 €
TOTAL	1.321.287,82 €
B) INVENTARIO DO PATRIMONIO MUNICIPAL	
ACTIVO	19.253.307,41 €
PASIVO	682.094,26 €
DIFERENCIA: Patrimonio Líquido	18.571.213,15 €

Acto seguido, a señora Alcaldesa abre un turno de intervencións para os cabezas de lista, empezando pola de menos votos.

En primeiro lugar intervén o Sr. Xan Carlos Sar Oliveira, manifestando que primeiro quero agradecerche que nos cedas a palabra neste pleno de toma de posesión, parabenizarche por coller o bastón de mando, a primeira alcaldesa do pobo.

Quero darlle as grazas a eses 341 votantes que depositaron a confianza en nós, e que nos deron esta única acta de concelleiro. Tamén quero deixar claro que ao PP con 1.186 votos sállelle o concelleiro en 237 votos, a Alternativa con 722 votos sállelle o concelleiro a 240 votos e ao PSOE con 582 sállelle o concelleiro a 291 votos. O noso concelleiro sale en 341 votos, e de verdade que imos a facer que eses 341 votos valan por concelleiro e medio que dispoñemos.

O sentido do noso voto e como partido de esquerdas é para non permitir un goberno do PP. Que quede ben claro que non temos nada en contra nin de Luís nin de ninguén da candidatura popular.

A educación é algo importantísimo na nosa sociedade. O único que nos diferencia do PP son diferencias políticas e nunca poderemos camiñar xuntos. A veciñanza pode estar tranquila que nós desde aquí faremos unha oposición responsable, atentos a que se siga adiante con toda a oferta cultural e coa colaboración con asociacións, comisións e clubs deportivos. Que siga tamén a colaboración co traballo man a man coas ANPAS e cos centros educativos. O discurso acababa aquí, pero voume a prolongar un pouco mais, porque a xente estamos pedindo.

Imos a traballar por Fisterra desde a oposición, agora doutro xeito, doutra maneira, atendendo a xente da mesma maneira que a atendemos desde ata agora desde o goberno, durante oito anos, sen dicirle a ninguén que non íbamos a atendelos por ser



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

votantes duns ou votantes doutros, e estamos aquí para defender os intereses de Fisterra e do pobo galego.

O Sr. José Marcote Suárez, do partido PSdeG-PSOE, non fai uso da palabra.

Acto seguido intervén o Sr. Luís Manuel Insua Lago, do partido Popular, manifestando que en primeiro lugar quero darlle as grazas a todos por estar aquí, por querer saber de Fisterra e polo interese mostrado. A verdade é que o salón de plenos ogallá estivera sempre así xa que moitas veces somos poucos.

En primeiro lugar, dar a noraboa a recente alcaldesa Aurea, desexarlle a mellor da sorte, porque será a nosa.

O pasado 28 de maio Fisterra outorgou ao noso grupo unha ampla confianza. Os fisterráns elixiron que fora o partido popular o que estivese no goberno durante os vindeiros catro anos. Lamentablemente o resto de forzas políticas uníronse para evitar o que Fisterra decidiu. Non é nada novo que os perdedores en Fisterra únense para non deixar que governe o meu grupo. O que si é novo, é que nos utilicen como moeda de cambio noutro concello, para arranxar intereses persoais e partidistas. Por exemplo, o pleno de constitución das corporacións por norma xeral é ás 12:00 horas e aquí foi ás 13:00 horas, así que algo hai. Por certo, noutro concello salio ben a xogada.

Temos que dicir alto e claro que Fisterra non é moeda de cambio de nada, que representar a Fisterra é o maior dos privilexios que podemos ter, e estamos aquí para facelo. O valor da palabra e da verdade, aquí queda hoxe en entredito.

O noso grupo seguirá durante estes catro anos ao servizo dos fisterráns. Dende a oposición traballaremos e controlaremos ao actual goberno con toda a nosa forza, para evitar que as decisións persoais se antepoñan aos intereses comúns de todos os fisterráns. Ven sabedes que somos fisterráns, andamos polas rúas, védesnos seguido e tendes o noso contacto, non dubidedes en falar con nós porque nós sempre respondemos. Para nós o único importante é Fisterra e os fisterráns. Nos non entramos en xogos e por Fisterra sempre todo merece a pena. Moitas grazas.

Finalmente, toma a palabra a señora Alcaldesa Aurea Domínguez Sisto, manifestando "compañeiras e compañeiros da corporación, secretario-interventor do concello, veciños e veciñas de Fisterra, con este acto de gran relevancia institucional damos comezo ao mandato 2023-2027 do Excelentísimo concello de Fisterra.

Interveño neste acto de investidura con humildade, pero tamén con responsabilidade e co orgullo de converterme na primeira muller alcaldesa na historia de Fisterra, algo que me motiva especialmente polo que representa nas políticas de igualdade que tanto se promoven na sociedade de hoxe en día pero que aínda seguen sendo moi necesarias.

Quero que a miña primeira intervención como alcaldesa de Fisterra sexa con palabras de agradecemento. Agradecemento ao meu partido pola confianza e polo apoio recibido. Agradecemento as miñas compañeiras e compañeiros de lista, sen vos, isto non fose posible. Desde logo, tamén agradecer o apoio incondicional da miña familia, en especial de Andrés e de Carmelo, os motores da miña vida, sei que nos momentos de dificultades, que ha de habelos e moitos, cando chegue a casa contarei co seu ánimo e respaldo que saben que tanta forza me dan. Quero rematar este momento de



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

agradecemento, dando as grazas as persoas que me deron a súa confianza nas urnas e tamén como non, as dúas formacións políticas, BNG e PSOE de Fisterra, que me brindaron o seu apoio neste acto de investidura. Quero personalizar este agradecemento nas persoas de Kuka Sar, José Marcote e Alexandre Domínguez.

Son fisterrana. Nacín, creime e vivo en Sardiñeiro, pero tamén son matea do val de Sardiñeiro polo meu pai e moura do val de Duio por miña nai. Son fisterrana por tódolos costados, de cuna, de crianza pero sobre todo son fisterrana de corazón, orgullosa de selo, sempre ala onde vou, onde estiven e onde estou. Hoxe con orgullo de fisterrana recollo este bastón que simboliza o poder de mando do alcalde ou alcaldesa dun concello. Eu quero que este bastón sexa símbolo de unión de esforzo e de loita por Fisterra.

Gobernaremos para todos os fisterráns e fisterranas, de igual maneira para que Luís descanse e non teña tanto traballo, xa lle digo eu que gobernaremos para todos, para os que nos votaron, para os que lle deron a súa confianza as outras forzas políticas aquí presentes e tamén para os que están desencantados da clase política e que preferiron non acudir as urnas.

En principio gobernaremos en minoría, pero poñeremos todo o noso empeño en conseguir os acordos necesarios da corporación para traballar por Fisterra. Somos necesarios todos, equipo de goberno, oposición e veciñanza. Todos co mesmo obxectivo. Eu guiarei o barco, como se di por aquí, pero todos sabemos que o barco ademais da patroa ten que levar os mariñeiros e mariñeiras a bordo, remando todos nun mesmo sentido, uns a carón dos outros, para que o barco chegue a porto san e salvo e ca faena ben feita.

Desde o equipo de goberno queremos un concello aberto, participativo, traballador e transparente. Queremos contar con todos vos, que sodes a veciñanza, porque queremos o mesmo. Queremos a Fisterra, queremos progresar e queremos avanzar. Queremos gobernar para todos e para todas e gobernar con todos e con todas. Imos facelo. Fagámolo ben. Desexamos con todas as nosas forzas non defraudarvos. Esteamos unidos, traballemos xuntos. Avante Fisterra.

No peche deste acto quero poñerme a disposición de toda a veciñanza, a disposición da corporación e a disposición de tódalas forzas políticas de Fisterra. Quero poñelos a todos eles, PP, Alternativa dos Veciños, PSOE e BNG que conformaremos esta nova corporación, quero poñelos en valor pola súa disposición para traballar por Fisterra.

Invito a toda a corporación a que me acompañen a pechar este acto, porque vou pedir un aplauso para todos eles, para todos nos como novos representantes do noso pobo de Fisterra. Polo que pido que si así o desexan, a min encantaríame que se levantasen comigo e grazas Fisterra".

Acto seguido o secretario accidental da lectura do contido do artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, do que quedan enterados tódolos os asistentes.

E non tendo mais asuntos dos que tratar a Sra. Alcaldesa, levanta a sesión sendo as 13:25 horas, do que, como secretario-accidental, dou fe.